

## **VII FESTA CORSARIA**

### ***Gago de Mendoza***

#### **IV CONCURSO DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN**

**Primeira.** O Concello de Marín convoca o IV Concurso de Decoración e Ambientación, actividade que se realizará dentro do programa de actos da VII Festa Corsaria.

**Segunda.** O obxectivo deste concurso é premiar o Establecemento hostalaría, e os Particulares, que polo seu enxeño e ambientación corsaria, merezan a consideración do xurado, e así incentivar a cidadanía marinense e os visitantes, á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da Festa Corsaria.

**Terceira.** Todas as mesas para xantar ou cear na rúa e os locais de hostalaría, que queiran participar, farano constar na solicitude de inscrición.

**Cuarta.** Tanto a temática como o deseño da decoración será acorde coa época corsaria.

No caso dos particulares valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, así como a vestimenta dos comensais.

Nos locais de hostalería valorarase a ambientación e decoración interior e exterior, zona de terrazas e vestimenta.

**Quinta.** PREMIOS:

Premio 200,00 € para o local de hostalería gañador.

Premio 200,00 € para a mesa gañadora de particulares.

Dos Accesit 100,00 €

**Sexta.** O xurado do concurso estará composto por representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida marinense.

**Sétima.** A decisión do xurado farase pública o sábado 18 de agosto ás 21:00h na propia Festa Corsaria.

**Oitava.** A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.